

Faro *da* Cultura

Detrás das epopeas

Desestruturando a *Ilíada*

JOAQUIM VENTURA

O recurso máis habitual que empregaron moitos pobos para explicar –e así entender– cadansúas orixes foi a epopea, plasmada en narracións épicas. E dentro delas, os heroes xogaron con frecuencia un papel fundamental. Pero para o lector contemporáneo –e nese senso podemos considerar todo aquel que se achegou a eses textos desde o noso Renacemento–, estas narracións resultan indescifrables: coñecemos e gozamos do resultado pero somos incapaces de desentrañar as súas orixes, as razóns que tivo alguén para nun momento dado dar por cerrado o relato de maneira oral ou en soporte gráfico.

Caroline Alexander (Florida, 1956) encetou con *La guerra que mató a Aquiles* (El Acanthado) a complicada empresa de “desestruturar” a *Ilíada* e así facilitar aos lectores as claves da xénese do seu texto. Calquera persoa minimamente culta sabe que o seu compilador / adaptador foi Homero e que viviu cara ao século VIII antes da nosa era.

Sen entrar a considerar a súa identidade, o certo –por obvio– é que a narración –como a da súa irmá a *Odissea*– é bastante anterior á época grega clásica. É dicir, nun tempo no cal non sempre se podía falar de unidade cultural helena, se ben entre aqueos (o pobo do heroe Aquiles) e troianos había afinidades lingüísticas e relixiosas. Carolina Alexan-

der procura a etimoloxía dos protagonistas, sexan mortais ou deuses, e as interaccións que xeran.

Con todo, iso apenas sería unha tarefa arqueolóxica. Tamén entra a conciencia en descubrir as razóns da obra (o que dela conservamos) e mais os elementos que nela se aglutinan. Desde as raíces dos aqueos ás influencias dos hititas (outro pobo indoeuropeo) que tiveron os troianos. Manifestacións que se expresan na toponimia, na onomástica e nas crenzas relixiosas. Porque a *Ilíada* é tamén o principal texto relixioso da Grecia clásica, unha auténtica teogonía.

Pero a súa razón funda-



Fotograma da película *Troia* (2004).



Homero.

Aquiles sabe que a guerra é cruel e que constitúe a expresión máis brutal das relacións humanas. E na épica homérica temos tamén a reacción das mulleres, esquecidas polos seus homes cando marchan ao combate. Unha reacción que atopamos tamén no teatro grego. Así, Eurípides en *As troianas* denunciou a crueldade dos vencedores e Aristófanes, con *Lisístrata*, a folga de sexo das mulleres de Atenas en protesta pola guerra.

Esta reflexión sobre a inutilidade das contendas tamén aparece no *Mahabharata*, a principal epopea india. Un dos cinco irmáns protagonistas pide se se poden xustificar os estragos que a guerra causa e, a maneira de resposta, defende a proporcionalidade nos ataques, os medios xustos a causa xusta e un comportamento xusto cos feridos e prisioneiros.

Pero o heroe épico ten que elixir –por el ou polo destino– entre a morte prematura e mais a gloria ou, polo contrario, preservar a vida. Aquiles sabe que, malia ser fillo dunha semidivindade, é mortal. Como sabían que eran mortais, a pesar de teren unhas orixes semellantes, Sigfrido, o protagonista d’*O Cantar dos Nibelungos*, e Cú Chulainn, o heroe da epopea irlandesa *A batalla dos bois de Cualinge*. Uns heroes que como Aquiles ou Roldán (e Xesús?) morren en solitario, abandonados por cadanseu rei-pai.

mental é unha guerra. Máis concretamente, un episodio aparentemente menor no inútil e inmóbil asedio de Troia polos aqueos ao longo de dez anos. E máis alá do xogo das divindades, atopamos a reflexión do heroe Aquiles cando abandona o asedio por consideralo inútil (so respondería ao interese personal de Agamenón); daquela, o seu amigo Pátroclo pídele as súas armas para combater con Heitor, o mellor guerreiro de Troia. O vencedor ten a osadía de vestir a armadura de Aquiles, provocación que leva a este a regresar ao combate e matalo.

Pero non estamos perante unha acción honrosa.

O heroe épico elixe entre a morte gloriosa ou preservar a vida